



Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2023/G010/000018

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 03 DE DECEMBRO DO 2024.

Sesión 18/2024-P

<p style="text-align: center;"><b><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></b></p> <p style="text-align: center;"><b><u>PRESIDENTE</u></b></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)</p> <p style="text-align: center;"><b><u>CONCELLEIROS</u></b></p> <p style="text-align: center;"><small>Grupo Sadamaioría (SM)</small></p> <p>D<sup>a</sup> Rebeca Mouriño Neira D. Marcos Villar López D<sup>a</sup> María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D<sup>a</sup> Patricia Martínez Abruñedo D. Ricardo Berrocal Fariña</p> <p style="text-align: center;"><small>Grupo Unidos por Sada (UPSA)</small></p> <p>D<sup>a</sup> María Nogareda Marzoa D<sup>a</sup> María Soraya Salorio Porral D. Sergio García López D. Breogán Blanco González</p> <p style="text-align: center;"><small>Grupo Partido Popular de Sada (PP)</small></p> <p>D<sup>a</sup> Esperanza María Arias Ferreiro D. Fernando España López (Chano) D<sup>a</sup> María Isabel Val Armesto D. Aurelio Lonja Tajés (Lito)</p> <p style="text-align: center;"><small>Grupo Mixto (GM)</small></p> <p>D<sup>a</sup>. Almudena Pena Álvarez («PSOE, independente») D. Emilio Graña Mosquera («BNG»)</p> <p style="text-align: center;"><b><u>INTERVENTOR</u></b></p> <p>D. Jaime Presas Beneyto</p> <p style="text-align: center;"><b><u>SECRETARIA</u></b></p> <p>D<sup>a</sup> María del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día martes 03 de decembro do 2024, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D<sup>a</sup> María del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión extraordinaria e urxente do Pleno por así telo solicitado cinco concelleiros de diferentes grupos municipais (2 UPSA, 2 PP e 1 GM-PSOE) o 30 de novembro do 2024, prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte</p>
--	---

### **ORDE DO DÍA:**

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todos e a todas a este Pleno extraordinario e urxente do concello de Sada, convocado a petición da cuarta parte polo menos do número legal de membros, con dous puntos da orde do día inseridos logo da preceptiva aprobación da urxencia da sesión. O Presidente expresa tamén distintos agradecementos por poder levarse a cabo esta sesión: aos asinantes da petición, por non se opoñer a realizala con carácter de urxente; a Urbanismo, polo traballo de onte de recompilación documental; a Secretaría, por ter traballado onte toda a tarde e procurar un correcto encaixe legal desta sesión; e novamente a Urbanismo e tamén a Intervención, pola súa celeridade na realización do expediente aínda que finalmente vaia ir noutra sesión.

### **1º.- APROBACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.**



Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2023/G010/000018

O presidente, sr. Portela Fernández (SM), xustifica polo miúdo os motivos da urxencia da sesión en que a modificación de crédito poida entrar en vigor antes de finalizar o ano.

Seguidamente, procédese á votación da dita urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobada a urxencia por unanimidade.

## **2º.- DEBATE SOBRE A SITUACIÓN E EVOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DE AMPLIACIÓN DO CEIP SADA Y SUS CONTORNOS DESDE A APROBACIÓN DO PXOM.**

Consta no expediente a solicitude do grupo de concelleiros que instaron a sesión, presentada o pasado día 30 de novembro de 2024 (NRE 202499900007137), que a continuación se reproduce literalmente:

*«Solicitude de pleno extraordinario para debater a situación do expediente de ampliación do CEIP Sada y Sus Contornos e realizar a votación da modificación de crédito para realizar a expropiación da ampliación do citado centro.*

*Os concelleiros :*

*Dª Esperanza Arias Ferreiro, D. Fernando España López, (Partido Popular), Dª Almudena Pena Álvarez (PSdeG-PSOE), Dª María Nogareda Marzoa, Dª María Soraya Salorio Porral (UPS) asinamos esta solicitude, de acordo co dereito que nos confire o Regulamento Orgánico do Concello de Sada no seu artigo 42, no que o teor literal di:*

*Artigo 42.-*

*"O Pleno celebra sesión extraordinaria cando así o decida o Alcalde ou o solicite a cuarta parte, alomenos, do número legal de membros da Corporación, sen que ningún concelleiro poda solicitar máis de tres anualmente. Neste último caso, deberá ser convocada polo Alcalde dentro dos tres días hábiles seguintes á súa petición a través do Rexistro Xeral e a celebración do mesmo non poderá demorarse por máis de quince días hábiles desde que fose solicitada, non podendo incorporarse o asunto á Orde do Día dun Pleno ordinario ou de outro extraordinario con máis asuntos, se non o autorizan os solicitantes da convocatoria.*

*Se o Presidente non convocase o pleno extraordinario solicitado polo número de concelleiros indicado dentro do prazo sinalado, quedará convocado para o décimo día hábil seguinte ao de finalización de dito prazo, o que será notificado polo Secretario da Corporación a todos os membros da mesma ao día seguinte ao de remate do prazo citado anteriormente. En ausencia do Presidente ou de quen legalmente deba substituílo, o Pleno quedará constituído sempre que concorra alomenos un terzo do número legal de membros do mesmo, e será presidido polo membro da Corporación de maior idade entre os presentes."*

**EXPOÑENDO OS SEGUINTE MOTIVOS:**

*Recentemente, o alcalde considerou de carácter urxente a realización dunha modificación de crédito destinada a iniciar un expediente de expropiación de terreos para a ampliación do CEIP Sada y Sus Contornos. Ante esta situación, e en base á suposta urxencia que el mesmo expuxo, outorgáronsenos escasamente 24 horas para revisar toda a documentación asociada, un tempo manifestamente insuficiente para analizar en profundidade un expediente desta envergadura.*

*Neste contexto, solicitámoslle ao alcalde, de maneira formal, que convocase un Pleno Extraordinario para abordar este asunto de forma axeitada, permitindo o debate e análise que un procedemento tan importante require. Non obstante, ante a posibilidade de que esta solicitude non sexa atendida, os concelleiros e concelleiras abaixo asinantes procedemos a exercer o noso dereito e solicitamos formalmente a convocatoria do Pleno Extraordinario.*

*Este asunto debe ser tratado onde corresponde: no Pleno, o órgano máximo de representación democrática, para garantir a transparencia, a correcta fiscalización do expediente e o respecto aos procedementos legais e administrativos.*

*Por todo o exposto, as concelleiras e o concelleiro abaixo asinantes solicitamos que se convoque un Pleno Extraordinario, conforme ao estipulado na normativa, para tratar este asunto coa profundidade e transparencia que merece.*

*Por todo iso,*

**SOLICITAN:**

● **PRIMEIRO.-** Convocar un **PLENO EXTRAORDINARIO** nos termos legais e regulamentarios anteriormente expostos.

● **SEGUNDO.-** Incluir na **ORDE DO DIA** de esta sesión extraordinaria, os seguintes asuntos:

1. Debate sobre a situación e evolución do expediente de ampliación do CEIP Sada y sus Contornos desde a aprobación do PXOM
2. Modificación de crédito 32/24 para iniciar o expediente de Expropiación da ampliación do CEIP Sada y Sus Contornos tendo en conta a seguinte proposta:



Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2023/G010/000018

*Primeiro.- Aprobar dentro do expediente de modificación de créditos 32/24, o crédito extraordinario 02/24 financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais , debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións que se detallan a continuación por un importe global de 265.000 €*

*Segundo.- Dispor, en aplicación dos artigos 177 e 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas-*

*Terceiro.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia*

●**TERCEIRO.-** *Que se incorpore toda a documentación necesaria relacionada coa orde do día exposta coa maior brevidade para poder avaliar a mesma».*

Ábrese o debate, no que interveñen a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE); a sra. Arias Ferreiro (PP); a sra. Nogareda Marzoa (UPSA); o presidente, sr. Portela Fernández (SM); novamente as sras. Pena, Arias e Nogareda e o presidente sr. Portela; e outra vez a sra. Nogareda, a sra. Pena, a sra. Arias e o sr. Portela.

### **3º.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 32/24 PARA INICIAR O EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN DA AMPLIACIÓN DO CEIP SADA Y SUS CONTORNOS.**

Consta no expediente a solicitude do grupo de concelleiros que instaron a sesión, presentada o pasado día 30 de novembro de 2024 (NRE 202499900007137), que contén a proposta que a continuación se reproduce literalmente:

*«Primeiro.- Aprobar dentro do expediente de modificación de créditos 32/24, o crédito extraordinario 02/24 financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais , debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións que se detallan a continuación por un importe global de 265.000 €.*

*Segundo.- Dispor, en aplicación dos artigos 177 e 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.*

*Terceiro.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia».*

Ábrese o debate, coas intervencións da sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada da área de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal, quen fai unha exposición; do sr. Graña Mosquera (GM-BNG); da sra. Pena Álvarez (GM-PSOE); da sra. Arias Ferreiro (PP); do presidente, sr. Portela Fernández (SM); da sra. Nogareda Marzoa (UPSA); e novamente do sr. Portela.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP, 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO:**

*Primeiro.- Aprobar dentro do expediente de modificación de créditos 32/24, o crédito extraordinario 02/24 financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais , debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións que se detallan a continuación por un importe global de 265.000 €.*

*Segundo.- Dispor, en aplicación dos artigos 177 e 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o*



Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2023/G010/000018

---

expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Terceiro.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 08 horas e 45 minutos do día martes 03 de decembro do 2024, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unido o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

[https://sede.sada.gal/gl/portal\\_transparencia/Relevancia\\_Juridica/Normativa/Normativa.html](https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html).